

Modelo MD75PRO02

Programación

Titulación: Grao en Deseño de produto

Materia: Materiais e tecnoloxía aplicada ao deseño de produto.

Disciplina: Tecnoloxía dixital aplicada

Curso: 2º

Carácter: O.E.

Tipo: Teórico-práctico

Docente: Esther Novo Calles

Ano académico: 2018-2019

Índice

1.	Identificación e contextualización	3
2.	Organización dos contidos	3
3.	Avaliación	4
3.1	Avaliación Ordinaria: Instrumentos e criterios de calificación.....	4
3.2	Avaliación Extraordinaria: Instrumentos e criterios de calificación.....	5
3.3	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais	5
4.	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias	5
4.1	A estratexia metodolóxica será a seguinte:	5
4.2	4.2 Os recursos empregados serán básicamente:	6
4.3	4.3 Actividades complementarias.....	6

1. Identificación e contextualización

Idiomas	Castelán
Departamento	Diseño de Produto
Profesor/a	Esther Novo Calles
Correo electrónico	esterisima@yahoo.es
Web	
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 8 Horas totais: 200 Horas de clase semanais: 4 Horas de clase no curso: 120 Horas de traballo non presencial: 80 Horas titoría: 1
Descritores	Estudo aplicado ó coñecemento das ferramentas informáticas necesarias para poder desenrolar traballos e proxectos relacionados co deseño de produtos.

2. Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	CAD 2D e repaso de sólidos e ensamblaxes de primeiro curso	<ul style="list-style-type: none"> Resolución por parte do alumnado das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 16 h presencial 8 h non presencial 	4 semanas
2	Planimetría e introducción al renderizado	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
3	Chapa metálica	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
4	Pezas soldadas	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
5	Diseño de Moldes	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
6	Modelado Avanzado: Componentes intelixentes, tablas de deseño, multisólidos, ecuacións.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
7	Ensamblaxe Avanzado: Ensamblaxes descendentes, tratamento de grandes ensamblaxes, simulación física.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 8 h presencial 8 h non presencial 	2 semanas
8	Superficies	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 24 h presencial 8 h non presencial 	6 semanas
9	Renderizado e animación avanzada	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 16 h presencial 8 h non presencial 	4 semanas
10	Modelado directo-orgánico	<ul style="list-style-type: none"> Exposición teórico-práctica e resolución das prácticas propostas 	<ul style="list-style-type: none"> 16 h presencial 8 h non presencial 	4 semanas

3. Avaliación

Na proceso de avaliación teranse en conta os seguintes aspectos:

- A Avaliación das Ensinanzas Artísticas Superiores é de carácter contínuo, polo que o proceso de avaliación ordinaria implica a asistencia regular as clases e realizar as probas teóricas ou prácticas das disciplinas que forman parte do currículo dos estudos nas datas sinaladas o longo do curso.
- Alumnado que asistindo regularmente non acadе no proceso de avaliación contínua unha nota suficiente para superar as disciplinas (5) terá a posibilidade de superalas mediante a realización dunha proba final ou de segunda oportunidade no mes de maio-xuño.
- Alumnado que supere un 20% e faltas de asistencia ás clases, terá que tentar aprobar as disciplinas na proba final ordinaria de maio-xuño, e de non superala, poderá concorrer á convocatoria extraordinaria de xuño-xullo.
- A nota final das convocatorias sairá de facer a media que corresponda según os apartados das táboas seguintes.
- Para obter a media da nota final das convocatorias o alumnado terá que acadar un mínimo dun 5 na media das probas da parte teórica e da parte práctica.
- Debido ao carácter presencial das ensinanzas os traballos a entregar na convocatoria ordinaria, terán que ser supervisados polo docente da disciplina e entregados na data indicada, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito, salvo causa xustificada documentalmente.
- A falta de asistencia o primeiro día de realización das probas finais, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.
- Alumnado que non se teña presentado as probas teóricas ou prácticas o longo do curso, ou non teña entregado as probas prácticas ou proxectos nunha porcentaxe superior ao 70% do solicitado, salvo causa xustificada documentalmente, non poderá presentarse á proba final da avaliación ordinaria.

3.1 Avaliación Ordinaria: Instrumentos e criterios de calicación.

A nota calcularase de xeito ponderado en función da nota dos traballos realizados ó longo do curso (memorias e prácticas) e a asistencia e actitude durante as clases.

Instrumentos de avaliación	Convocatoria Ordinaria		
	Avaliación Contínua		Proba Final
	Primeiro Cuadrimestre	Segundo Cuadrimestre	Maio/Xuño
Probas teóricas	20,00%	20,00%	20,00%
Probas prácticas/ traballos	65,00%	65,00%	65,00%
Traballo diario na aula	10,00%	10,00%	10,00%
Actitude e participación	5,00%	5,00%	5,00%

3.2 Avaliación Extraordinaria: Instrumentos e criterios de calificación.

O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, realizará unha **proba teórico-práctica** na data e hora sinalada polo centro a tal efecto, ademais de presentar varios **traballos**.

Instrumentos de avaliación	Convocatoria extraordinaria
	Proba Extraordinaria
	Xuño/ Xullo
Probas teóricas/ Memorias	30,00%
Probas Prácticas/ Proxectos	70,00%

Debido ao carácter presencial das ensinanzas, os traballos a entregar na convocatoria extraordinaria terán que ser supervisados polo docente da disciplina nas horas de titorías establecidas nos días marcados para estas actividades/probas correspondentes á avaliación extraordinaria, non sendo válido aquel traballo/proxecto que non cumpra este requisito.

Para obter a nota final consistente na media das partes que forman a proba extraordinaria, o alumnado terá que acadar un 5 en cada unha delas.

A falta de asistencia o primeiro día de realización das mesmas, salvo causa xustificada documentalmente, implica o abandono da mesma.

3.3 Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

Coa denominación de necesidades específicas de apoio educativo a LOE presta especial atención ao alumnado que requira determinados apoios e atencións específicas derivadas de circunstancias sociais e de discapacidade física ou psíquica.

Estudiarase a adaptación curricular para todo o alumnado que solicite e acredite a necesidade educativa especial.

4. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

4.1 A estratexia metodolóxica será a seguinte:

- Introducións e explicacións dos contidos teóricos prácticos.
- Plantexamento de exercicios prácticos.
- Seguimento dos exercicios propostos.

4.2 Os recursos empregados serán básicamente:

- Ordenadores e material informático.
- Bibliografía e manuais.

4.3 Actividades complementarias.

Realizaranse as actividades complementarias que propoña o departamento.